

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DO CÓDICE CALIXTINO POLO PRESIDENTE DO GOBERNO AO ARCEBISPO DE SANTIAGO

Santiago, 8 de xullo de 2012.

El Códice Calixtino es la partida de nacimiento de Europa. Es la guía que transforma un camino en el Camino, la descripción más antigua de cómo los peregrinos llegados de los lugares mas recónditos de Europa, se van transformando en europeos.

Por eso recuperarlo es mucho más que recobrar una joya bibliográfica. Lo que se rescata es la misma fuente del europeísmo, y se hace además en un momento en el que Europa afronta decisivos dilemas.

Este Códice que vuelve a estar con nosotros nos recuerda también que Europa tiene que rencontrarse. Estas páginas sagradas nos están diciendo que Europa no es un proyecto temporal, ni tampoco una entidad limitada a valores materiales.

Así como Santiago representó durante siglos la única esperanza para muchos caminantes, el proyecto europeo es hoy un espejo en el que se miran todos los hombres y mujeres que anhelan la libertad.

O Códice Calixtino é igualmente a partida de nacemento da Galicia europea. Galicia faise con Europa e Europa faise con Galicia. A proba está neste libro que volve a ser patrimonio de todos.

Nel contense a certeza de que a galegidade é a idea europea sentida polos devanceiros, e de que a idea europea ten unha compoñente galega que discorre incesantemente pola ruta xacobeá.

Reencontrarse con el é atopar de novo unha parte de nós, sen a cal Galicia se sentía incompleta.

Falo en nome de todos os galegos cando expreso a miña inmensa gratitude a todos os que fixeron posible que o Códice volva a estar onde lle corresponde.

Ás forzas e corpos de seguridade e tamén aos dous gobernos estatais: dende o Goberno anterior cando foi roubado ata o actual cando se deu con el, por saber valorar a súa importancia e por non dalo xamais por perdido.

Sei que ademais das persoas coñecidas, hai xente anónima que traballou en silencio para que esta recuperación se producise. Quero que lles chegue a admiración do noso pobo por un labor que está a recibir as loubanzas dende todo os lugares do mundo. A

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa pericia fixo que os temores que moitos tiñamos sobre o futuro do tesouro, quedaran disipados.

Unha parte da alma dos galegos estaba secuestrada. No Códice está escrito unha parte do que fomos. Dá fe do noso papel nas páxinas máis brillantes da historia común de España e de Europa. De aí que sintamos hoxe a mesma emoción que sentiron os que viron por primeira vez o libro recuperado.

Co noso reiterado agradecemento, coas grazas nunca suficientemente expresadas ao presidente Rajoy, coas grazas ás forzas e corpos policiais e tamén, por suposto, ás autoridades xudiciais que traballaron ata atopalo, o compromiso do Goberno galego, señor arcebispo, señor deán, señores membros do Cabildo Catedralicio, para colaborar en todo o que poida mellorar no futuro a seguridade deste tesouro común.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA